

ACORDOS NÚMERO 11/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 30 DE MAIO DE 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13:00 horas, do día trinta de maio de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA Nº 10/2017, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO O 11.05.2017.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- ESCRITOS VARIOS.-
- 4- SOLICITUDE DE SUBVENCION A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA O PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO AOS CONCELLOS DO INTERIOR DA PROVINCIA DURANTE O EXERCICIO 2017.-
- 5- COMUNICACION PREVIA TRASMISION DE LICENZA.-
- 6- APROBACION DE FACTURAS.-
- 7- APROBACION PRESUPOSTOS PARA PLANTACIONES DE EUCALIPTOS.-
- 8- SERVIZOS SOCIAIS.-
- 9- SOLICITUDE DE INCLUSION DE ACTUACIONES DENTRO DO PLAN DE INFRAESTRUTUAS RURAIS.-
- 10- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS.-
- 11- CERTIFICACIONES DE OBRAS: EXECUCION DE BANCADA NO CAMPO DE FUTBOL DE GORGULLOS.-
- 12- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA Nº 10/2017, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO O 11.05.2017.-

Acordos adoptados:

Aprobación da acta nº 10/2017 ordinaria que tivo lugar o 11.05.2017.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

1. Augas de Galicia número rexistro de entrada 543, en relación a notificación con recomendacións do Plan de seca 2017. A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

3.- ESCRITOS VARIOS.-

Infórmase polo señor alcalde da solicitude formulada polo veciño D. J.C.F. solicita o abono de reparación do seu vehículo xa que con motivo dunha tapa do alcantarillado suelta na carretera no pavellón municipal sufriu danos. Visto informe de Policía Local e visto o presuposto presentado por Talleres M. López por un importe de 291,91€, para a reparación do vehículo.

Acordos adoptados:

1º aprobar o presuposto presentado por Talleres M. López de data 20.04.2017 por un importe de 291,91€.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCION A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA O PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO AOS CONCELLOS DO INTERIOR DA PROVINCIA DURANTE O EXERCICIO 2017.-

Acordos adoptados:

1º Solicitar unha axuda a Excma. Deputación Provincial da Coruña dentro da convocatoria do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2017, para cofinanciar os custos de dous socorristas, posto que con un só socorrista non podemos cumprir cos tempos de descanso estipulados na normativa laboral vixente, por un importe de 8432,04€.

2º Este concello ten presentada a última rendición de contas legalmente esixible en prazo e forma regulamentarios.

3º Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

5.- COMUNICACION PREVIA TRASMISION DE LICENZA.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- A toma de razón da transmisión da cita licenza a favor de dona I.M.S.R. para desenvolver a actividade de café bar en Pontepedra- 15683 Tordoia, dunha superficie de 144 m2 e con referencia catastral XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por actos de transmisión de actividade.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adquirente.

6.- APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe de 6144,99€
2. Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención formal da Interventora das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 6.144,99€

REX.	INTERESADO	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
880	CASTRO PRADO GONZALO-HERNR.	Fact. 09/2017 ASESORAMIENTO	2.178,00€	920-22706
904	CASTRO CASTRO, Susana.	FO002 Estudio enerxético	2.055,19€	165-22706
913	José Varela Iglesias, S.L.	Fact. Emit 105 augas pluviais	1.911,80€	1531-21000
		TOTAL	6.144.99€	

7.- APROBACION PRESUPOSTOS PARA PLANTACIONES DE EUCALIPTOS.-

Acordos adoptados:

1. A súa plantación con Eucaliptos Nitens, e que no seu momento os beneficios que se obteñan pola venta da madeira se empleen integramente nas parroquias as que pertencen.
2. Aprobar o presuposto nº 05/17 para plantación de eucaliptos Nitens no lugar de Croto polígono 502 parcela 935 Salto do Lobo Tordoia (2 hectareas 86 areas 42 cuartillos de terreno). Por un importe de 2555,52 euros.
3. Aprobar o presuposto nº 06/17 para plantación de eucaliptos Nitens no polígono 501 parcela 1362 no Alto de Señaris - Tordoia 1 hectarea 62 areas. Por un importe de 2214,78euros.
4. Monte de Xeixo pendente de presuposto que se dara conta na próxima Xunta de Goberno Local.

8.- SERVICIOS SOCIAIS.-

Acordos adoptados:

- 1.- Conceder o servizo de axuda no fogar de libre concorrencia vista a solicitude formulada por A.A.A., polo que solicita ser incluído.

2. Conceder o servizo vista a solicitude formulada por B.B.B., polo que solicita ser incluído no Servizo de Xantar na Casa.

3. Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, vista a solicitude formulada por C.C.C.

4. Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade vista a solicitude formulada por D.D.D..

9.- SOLICITUDE DE INCLUSION DE ACTUACIONES DENTRO DO PLAN DE INFRAESTRUTUAS RURAIS.-

Acordos adoptados:

O Concello de Tordoia ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (Plan de Infraestruturas Rurais 2017) consistentes en Camiño Abeleiras-Burgan (Gorgullos) e outro, manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e COMPROMÉTESE a :

- A posta en disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.

- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.

- Asumir unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.

- Manifestación expresa de que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestructura.

- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.

- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

- Solicitar que se inclúa dentro do Plan de Infraestruturas Rurais 2017 a actuación seguinte:
- Camiño Abeleiras-Burgan (Gorgullos) e outro.

- Que segundo obra na documentación deste Concello, dispense dos terreos necesarios para a execución das obras inherentes ao proxecto das obras incluídas no Plan de Infraestruturas Rurais 2017.

Camiño Abeleiras - Burgan (Gorgullos) e Outros

- Que o proxecto cumpre coa normativa vixente en materia urbanística.

10.- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS.-

Polo señor Alcalde dase conta das seguintes comunicacións previas de obras que se pretenden realizar:

- No lugar de Malvares - Castenda peche de finca nºXXX do polígono XX.
- No lugar de Malvares - Castenda peche de finca nº XXX do polígono XX.

11.- CERTIFICACIONES DE OBRAS: EXECUCION DE BANCADA NO CAMPO DE FUTBOL DE GORGULLOS.-

Acordos adoptados:

1.Deixar sobre a mesa por falta de documentación.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 14:15 horas.